

# Lírica profana medieval. Cantigas amorosas

## A natureza no discurso amoroso

Nas cantigas de amigo a natureza desempeña un papel importante, maior canto máis se aproxime ao modelo tradicional. Non encontramos descrições extensas, mais si leves referencias que nos serven para situar a cantiga nun espazo concreto, resaltando aqueles elementos ambientais que contribúen ao significado da composición. Podemos destacar diferentes funcións:

■ Presenta unha **función referencial**. O medio introdúcese nas cantigas en forma de topónimos (Compostela , Lisboa, Vigo etc.), localizadores da acción; tamén con referencias a santuarios, ao mar, ao río, ao monte, ás fontes etc.



As abeleiras son árbores citadas con frecuencia nas cantigas de amigo como elemento do chamado *exordio primaveral*.

■ A natureza convértese tamén en **personaxe**, a quen a amiga dirixe as súas queixas e preguntas, ás que, en ocasións, incluso responde; así ocorre coas flores, os piñeiros ou as abeleiras. Outras veces adquire un maior protagonismo, coma acontece cos cervos ou as aves.

■ Pode adquirir tamén unha **función simbólica**. A auga é un símbolo antiquísimo asociado á fertilidade e á relación erótica. As cantigas de fonte son unha mostra disto. Entre elas destacan as cantigas de Pero Meogo, onde o cervo simboliza a sexualidade masculina e a fonte o encontro amoroso. A natureza representa en ocasións os estados emocionais da amiga. O mar pode desempeñar distintas funcións: xeralmente é o elemento de separación entre os namorados e, polo tanto, motivo das coitas da amiga, pero tamén pode converterse no confidente a quen esta canta as súas tristezas, ou simbolizar a paixón amorosa da muller.

Precisamente este aproveitamento simbólico da natureza para articular a linguaxe amorosa é un dos trazos máis singulares da cantiga de amigo. Multitude de referentes concretos remiten para un significado oculto, dotando a cantiga de dous niveis de significación: un superficial, resultante da literalidade do poema, e outro profundo, cargado de matices emotivos ou eróticos.

### Simboloxía na Cantiga de amigo:

- **Alto:** río, fonte ou ribeira, lugar típico do encontro amoroso.
- **Lavar camisas:** símbolo da relación erótica.
- **Alva:** pura, virxe, branca.
- **Vento:** símbolo do namorado.
- **Aves:** a propia moza namorada.
- **Tolher os ramos:** destruír o sostén da relación entre a doncela e o seu amigo.

## Lírica profana medieval. Cantigas amorosas

- **Secar as fontes:** poñer fin aos motivos do namoramento.
- **A fonte ou fontana:** lugar de encontro amoroso, onde van beber os cervos e onde a moza lava os seus cabelos.
- **Cervo:** representa o amado.
- **Lavar cabelos /garcetas:** alude á relación amorosa.
- **Volver a auga:** alude tamén á relación amorosa.
- **Ondas:** traducen o tumulto interior.